



BUSQUEDA

Enviar unha denuncia Login

Buscar

[PORTADA](#) | [COMARCAS](#) | [DEPORTES](#) | [DENUNCIAS](#) | [PROGRAMA](#) | [ESQUELAS](#) | [OPINIÓN](#) | [CONTACTO](#) |

[Avion](#) | [Beariz](#) | [Boborás](#) | [Cea](#) | [Leiro](#) | [Maside](#) | [O Carballiño](#) | [O Irixo](#) | [Piñor](#) | [Punxín](#) | [San Amaro](#)

30 anos agardando por unha gardería infantil no Irixo

18, Marzo 2016

O Voceiro do Grupo Municipal socialista no concello do Irixo, Iago Fariñas Valiña, denuncia algo inadmisible: que un goberno que non pon en marcha una soa iniciativa que xere riqueza para o concello de O Irixo e que aproba un orzamento que se reduce este ano con respecto ao anterior en ingresos; sexa capaz de aprobar uns gastos nos seus propios soldos de 73.113,1 € por tres adicacións parciais máis outros 6.000 euros en dietas dos órganos de goberno, uns 80 mil euros (79.113,1 €), en total.

O único que fai o goberno do Irixo, en mans do seu Tenente de Alcalde, Manuel Cerdeira, mentres o Alcalde se amosa rendido e ten abandonada a deficitaria xestión do concello, é aprobar as mociones da oposición que veñen nalgúns casos con 30 anos de atraso como e o caso da APERTURA DA GARDERÍA PÚBLICA MUNICIPAL DO IRIXO. Gardería que xa viñan reclamando dende o grupo escolar ao igual que a apertura da biblioteca pública do Concello, que se abriu recentemente gracias tamén á moción convxunta presentado no seu dia polos grupos da oposición.

Alertamos, os socialistas, que a moción aprobada sobre a APERTURA DA GARDERÍA PÚBLICA MUNICIPAL DO IRIXO se presentou polos grupos da oposición o pasado 27 Novembro 2015, antes da elaboración do Orzamento e que, a pesar de iso, non se deixou previsto nada neles para este gato, o que seria desexable se realmente se queren facer as cousas ben. Os socialistas, tamén, recordan que a posta en marcha debe ser mediante "...unha comisión de traballo formada para tal efecto [...] onde terán representación todos os grupos políticos e o consello escolar do centro, para artellar un proxecto de gardaría coordinado co centro escolar do Irixo...." e "...se poña en funcionamento coa maior brevidade posible e nunca más tarde do mes de Setembro de 2016, coincidindo co inicio do curso escolar...." e que se aprobou abrir una gardaría non un servizo de atención temperá, que son cousas totalmente distintas. Tampouco tivo problema nin vergonza, o goberno do Irixo, en aprobar, como propia, unha moción que o Voceiro socialista presentou por rexistro o pasado 19 de Febreiro de 2016 e que non foi incluída na orde do día da sesión plenaria, pero, sorprendentemente, incluíron unha igual do grupo de goberno no punto número 6º "Ordenanza modificación IBI" presentada con data 14 de Marzo de 2016, na que se bonificara o 95% da cota íntegra do IBI para os bens inmóbiles nos cales se desenvolvían actividades agrícolas ou gandeiras..." e se fixara un "...mínimo coeficiente o valor catastral que será do 0,3%." Proposta feita polos socialistas e agochada polo grupo de goberno e aprobada como propia.

Denunciamos os socialistas que no orzamento municipal, se crean unha serie de prazas de novos traballadores do Concello, entre elas unha de condutor da pala mixta retroescavadora do Concello. O Grupo Municipal Socialista indica que esta praza se foi dilatando no tempo para, presuntamente, beneficiar a un ex-concelleiro do Partido Popular no concello ata que recentemente se xubilou. Esta persoa, hai uns anos, foi contratada ata que, legalmente, xa non foi posible entón, sacouse a concurso un contrato menor que se lle adxudicou en varias ocasións á empresa que realiza a meirande parte das obras do Concello nos últimos 30 anos: Coviatec, a nova denominación da empresa Construcciones Benigno Alvarez S.L. Esta mesma empresa, prestouse, presuntamente a colocar de condutor da pala a este ex-concelleiro do Partido Popular do Irixo e amigo do grupo de goberno, agora ao terse xubilado sacan a praza e prescinden de sacar un novo concurso, xa que non lles é necesario.

Lamentamos, os socialistas, que se saque esta praza cando un contrato menor por horas ou días negociado con algúna empresa do Irixo sería moito mais vantaxoso para as arcas municipais e para o conxunto dos veciños e veciñas, salvo que o grupo de goberno en interese propio xa teña pensado quen podería ser o beneficiario desa praza. Mágoa que o goberno do Irixo antepoña os intereses persoais, familiares ou de grupo fronte aos intereses xerais de tódolos veciños e veciñas do Irixo, proba disto é que non lle importa seguir cobrando do Concello importantes cantidades e mesmo aumentalas ate case os 80 MIL EUROS mentres o Orzamento do Concello se reduce porque non son capaces de poñer en marcha una soa iniciativa que cree riqueza para o propio concello.

RADIO EN DIRECTO

COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA

ENLACE DIRECTO

"DEPORTES"

COPE O CARBALLIÑO

De 14:30 a 15:00 horas, con...

LOLO CARRIL

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Marzo 19, 2016
10:00-13:00Chuvia
8 °CMañá, Marzo 20, 2016
13:00-19:00Parcialmente nuboso
10 °CMarzo 21, 2016
13:00-19:00Chuvia
13 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

O CONCELLO DE PIÑOR ORGANIZA UN TALLER DE ATENCIÓN DE PERSONAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA DESTINADO A COIDADORES E COIDADORAS NON PROFESIONAIS. DO 4 AO 27 DE ABRIL, LÚNS E MÉRCORES DE 16 A 19:30 HORAS. INSCRIPCIÓN NOS SERVIZOS SOCIAIS DE PIÑOR.

O CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA CONVOCA PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO. BASES NA PÁGINA

O CONCELLO DE BOBORÁS ORGANIZA UN NOVO CURSO DE APLICADOR DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS. INSCRIPCIÓN ABERTA NA CASA DO CONCELLO.

O ACTOR GALEGO JAVIER VEIGA ABRE O CICLO DE HUMOR "O CARBALLIÑO COMEDY". SÁBADO 20 ÁS 21 HORAS NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

Desenrolado por coroa.es

